

Funcionariado en Prácticas Parabéns!

Prezada amiga, prezado amigo:

A Confederación Intersindical Galega do Ensino (CIG-Ensino) quere, en primeiro lugar, felicitarte pola túa incorporación dun xeito estábel ao mundo da docencia.

Ademais, poñémonos en contacto contigo para presentarche a nosa organización sindical. Poden ser moitas as dúbidas que se che presenten neste primeiro curso, consúltaas, no sindicato estamos á túa disposición para asesorarte e aconsellarte...



Organizarse sindicalmente:

Organizarse sindicalmente é unha prioridade para as traballadoras e os traballadores. Estar afiliada/o é unha maneira de partillar as reflexións e as decisións desta organización, centrada na defensa dos intereses das traballadoras e os traballadores docentes, tamén como mellor mecanismo de defensa ante as agresións que sofre o noso sector laboral: o ensino público, e todas e todos nós como traballadoras e traballadores do sector.

O sindicato é a ferramenta que teñen as traballadoras e os traballadores para facer oír a súa voz ante a Administración e avanzar nas conquistas sociais e laborais. Por iso o mellor que podes facer é afiliarte. Canto máis grande sexa o sindicato máis forza teremos para avanzar e conseguir melloras laborais e sociais.

**Poden ser moitas as dúbidas que se che presenten neste primeiro curso
Para iso podes consultar a nosa páxina web www.cig-ensino.gal
No sindicato estamos á túa disposición para informarte e asesorarte**

A CIG-Ensino

A CIG-Ensino é unha das federacións da **Confederación Intersindical Galega (CIG)** No ensino, somos a **organización sindical maioritaria**. Nos distintos procesos electorais, a CIG-Ensino foi incrementando o número de votos e o de delegados e delegadas, o que significa un aval importante ao noso traballo sindical. Froito deses resultados é a nosa ampla representación nas Xuntas de Persoal das catro provincias galegas, que presidimos, e especialmente na Mesa Sectorial Docente non Universitaria, ámbito de debate e negociación coa Consellaría de Educación. Asim mesmo formamos parte da Mesa Xeral da Función Pública Galega e nas Mesas de Sector de ámbito estatal e, moito máis preto de ti, no teu centro de traballo, atoparás un/unha representante da CIG-Ensino, ou coñecerás un delegado ou delegada sindical que levará información puntualmente. Día a día traballamos para manter e incrementar a nosa representación como medio efectivo para seguir avanzando na loita por un ensino público galego e de calidade, a través dun modelo sindical combativo e participativo.

Como organización sindical centramos os nosos esforzos na **defensa do Ensino Público**, un ensino que sexa tamén galego, laico, gratuito e democrático. Defendemos un sistema educativo galego que teña na normalización lingüística un dos seus eixes fundamentais, un ensino non

Ensino en galego

A CIG-Ensino ten entre os seus principios o de procurar un ensino en galego, por iso propoñemos a impartición na nosa lingua das distintas materias do currículo, en todas as etapas educativas, como medio para dar cumprimento ao recollido no artigo 14 da Lei de Normalización Lingüística ("As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino galego é obrigatorio, o alumnado coñeza este, nos seus niveis oral e escrito en igualdade co castelán"). Para a CIG só hai unha maneira de dar cumprimento a este

Resultados das últimas eleccións sindicais no ensino público

		CIG	CCOO	ANPE	UGT	STEG	CSIF
A CORUÑA	VOTOS	3594	1201	599	536	760	479
	DELEGADOS	23	7	4	3	5	3
LUGO	VOTOS	1034	222	460	352	242	377
	DELEGADOS	10	2	5	4	2	4
OURENSE	VOTOS	660	600	352	257	196	113
	DELEGADOS	9	8	5	3	2	0
PONTEVEDRA	VOTOS	3394	815	441	848	741	468
	DELEGADOS	21	5	3	5	4	3
GALIZA	VOTOS	8682	2836	1852	1993	1939	1437
	DELEGADOS	63	22	17	15	13	10

sexista que eduque para a igualdade, a solidariedade e a xustiza social, e que transmita os valores da paz e da defensa do medio ambiente.

Os nosos esforzos céntranse tamén na reivindicación dos dereitos profesionais e laborais dos/as docentes: o dereito á negociación colectiva á estabilidade no posto de traballo; a dignificación da función docente, un sistema retributivo que impida a estratificación, xerarquización e división do profesorado e que nos retribúa dignamente, a elaboración dun cadro de enfermidades profesionais e o seu recoñecemento a todos os efectos legais, o dereito a unha formación permanente dentro do horario lectivo e no propio centro de traballo, etc...

A CIG non só defende os dereitos profesionais e laborais de todos os traballadores e traballadoras, senón que **ofrece aos seus afiliados e afiliadas**

información puntual sobre aquelas cuestións que lles poidan interesar. Consideramos que a información é prioritaria e imprescindible, non só para ter coñecemento do que está a acontecer no ensino en xeral, senón tamén para dar difusión ás nosas propostas e transparencia ao traballo sindical que desenvolvemos. Tamén ofrecemos actividades formativas relacionadas con distintas materias, en distintos momentos do ano e ao longo de toda a xeografía galega, asesoramento xurídico e participación na organización sindical. Para todo isto a CIG ofréceche os seus locais nas sete cidades galegas e nas localidades de Ribadeo, Vilagarcía, Cangas, A Guarda e Verín nas que atoparás unha persoa do ensino que che axudará a resolver as túas dúbidas ou problemas. Tamén nos restantes locais da CIG, en diferentes vilas, poderás informarte.

artigo e esta é impartir o maior número posíbel de aulas na nosa lingua, de aí que vos animemos a empregar a nosa lingua na docencia co alumnado, mais tamén no centro educativo, para facer visíbel o noso idioma e convertelo no que debe ser: a lingua de relación no centro educativo e, por tanto, a lingua da súa administración, empregándoa en todos os documentos.

Como saberás, o actual Decreto 79/2010 é o resultado dunha estratexia elaborada polo goberno do PP para reducir a presenza da nosa lingua no ensino. A CIG-Ensino segue esixindo a

retirada deste Decreto e a aplicación do recollido no Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza en setembro de 2004. Precisamente ese Plan Xeral recomendaba a impartición das materias científicas en galego, nomeadamente as matemáticas, de aí que desde a CIG-Ensino valoremos moi negativamente o actual Decreto que prohibe a impartición en galego das Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química, producindo un retroceso respecto importante en materia de normalización.

A fase de prácticas

A Consellaría vén de nomearte **funcionario/a en prácticas** e destinoute a un centro de ensino para a realización da fase de prácticas, durante este tempo o teu réxime xurídico-administrativo é o de funcionario/a en prácticas. No DOG do 17 de abril de 2017 na Orde do 7 de abril, pola que se convocou concurso-oposición atópanse as indicacións para a súa realización, que resumimos no seguinte cadro:

Inicio	Con efectos do 1 de setembro e na data na que se inicie o curso no corpo de PES e PTFP
Duración	Catro meses
Tuteladas por	Un profesor ou profesora do mesmo corpo e, preferentemente, da mesma especialidade, designado pola Comisión cualificadora da provincia.
Funcións do titor/a	Asesorar, informar e avaliar o profesor ou profesora en prácticas. Emitirá informe final para remitilo á Comisión cualificadora.
Actividades de formación	Realización dun curso de formación en lingua galega de 20 horas de duración. Consistirá en formación específica sobre terminoloxía, estilo, aspectos sociolingüísticos e a linguaxe propia da especialidade, que lle permita ao persoal seleccionado desenvolver correctamente en galego as súas tarefas e funcións.
Informe-Memoria final	O profesorado en prácticas deberá elaborar un informe-memoria final que entregará ao remate da fase de prácticas á Comisión cualificadora.
Avaliación	As prácticas serán avaliadas por unha comisión provincial constituída pola xefatura da inspección provincial, que actuará como presidente; dous inspectores/as de educación e dous directores/as de centros designados pola xefa ou xefe territorial a partir dos informes emitidos polo profesor-titor, a dirección do centro, o persoal responsable das actividades de formación e, se é o caso, o inspector ou inspectora responsable do centro e do informe presentado polo propio aspirante O inspector Xefe, en caso de informe desfavorábel, poderá establecer que a inspección do centro visite e avalie na aula as aptitudes didácticas do profesorado en prácticas. Cualificaranse como apto ou non apto.
Cualificación de non apto	O persoal non apto poderá repetir a fase de prácticas no curso seguinte. O persoal que non se incorpore ou suspenda por segunda vez perderá todos os dereitos.

Retribucións

En materia retributiva, ademais do salario percibimos trienios. Aquelas persoas que non traballaron para a Consellaría de Educación antes de presentarse ás oposicións, ou que traballando non acumularan aínda un trienio, deberán solicitar o recoñecemento do ano de prácticas aos efectos de percibir o primeiro trienio. Nos demais casos a percepción dos trienios é automática.

Ademais, cada seis anos percibimos dentro do complemento específico sexenios. Para poder percibilo terás que acreditar 100 horas de formación. Se tes servizos como profesor/a interino/a, estes computan a efectos de cobro de sexenios, mais deberás acreditar que realizaches actividades de formación durante ese período. Nesta ligazón tes máis información

www.cig-ensino.gal/ensino_publico/retribuciones.

	Grupo A2 (Antes B)				Grupo A1 (Antes A)			
	Mestres* Nivel 21		Técnico/a F.P. Nivel 24		P. Secundaria Nivel 24		Catedrático/a Nivel 26	
	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra
Salario	978,26 €	713,44 €	978,26 €	713,44 €	1.131,36 €	698,12 €	1.131,36 €	698,12 €
Complemento de destino	482,88 €	482,88 €	594,64 €	594,64 €	594,64 €	594,64 €	712,25 €	712,25 €
Complemento específico	550,13 €	550,13 €	550,13 €	550,13 €	550,13 €	550,13 €	601,12 €	601,12 €
Titoría e outras func. docentes	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €
TOTAL	2.055,77 €	1.790,95 €	2.167,53 €	1.902,71 €	2.320,63 €	1.887,39 €	2.489,23€	2.055,99 €

Non esquezas que unha vez que obteñas destino como funcionaria ou funcionario en prácticas vas ter que dirixirte a MUFACE e escoller a prestación sanitaria pola que optas

Podes consultar toda a información relativa aos permisos, licenzas, reducións e excedencias na web www.cig-ensino.gal

Concurso de Traslados

Unha vez superada a fase de prácticas serás nomeado/a funcionario/a de carreira, con efectividade do 1 de setembro de 2018 Ademais estás obrigado/a a participar no concurso de traslados até obter o primeiro destino definitivo, solicitando o máximo número de prazas posibles. A convocatoria do concurso soe producirse no mes de outubro. Unha vez obtido destino deberás permanecer nel dous cursos, transcorridos os cales poderás obter un novo destino, voluntariamente. Desta volta só terás que solicitar as prazas que máis che interesen. Mentres non obteñas destino definitivo deberás participar todos os anos na adxudicación de destinos provisionais (CADP) convocado ao redor do mes de xuño.

Asesoría xurídica

Estar afiliada/o á CIG-Ensinodarache dereito a utilizar a asesoría xurídica do sindicato no caso de precisar presentar calquera tipo de recurso para defender os teus dereitos laborais e profesionais. A asesoría xurídica da CIG é unha das máis competentes de Galiza, sendo así que os seus ditames son de total fiabilidade. Ten gañando numerosos recursos con consecuencias positivas para todo o profesorado.



PROGRAMA DE FORMACIÓN CURSO 2017-2018

Máis información en www.cig-ensino.gal, no apartado de Formación ou www.as-pg.gal

FORMACIÓN ON-LINE

03/10/2017 A 23/10/2017

- Portugués inicial para docentes
- A auga fonte de vida

25/10/2017 A 14/11/2017

- Deseño e creación de páxinas web HTML5
- Claves para a elaboración dun plan de convivencia nun centro educativo

16/11/2017 A 12/12/2017

- O desenvolvemento do módulo de proxecto con recursos da rede
- Educación da voz para docentes II

09/01/2018 A 29/01/2018

- Protección de datos e propiedade intelectual nos centros educativos
- Cineclubes no ensino

31/01/2018 A 20/02/2018

- O emprego das redes sociais no ensino-aprendizaxe
- A arte galega. Aplicación na aula

22/02/2018 A 14/03/2018

- Inglés inicial para docentes
- Claves para a elaboración dun plan de coeducación nun centro de ensino

16/03/2018 A 10/04/2018

- Integración de competencias emocionais no currículo
- A progresiva represión da lingua galega. En gallego no le entiendo

12/04/2018 A 04/05/2018

- Letras Galegas 2018: María Victoria Moreno

FORMACIÓN PRESENCIAL

- A Coruña, 28 de outubro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria e Secundaria
- Santiago, 21 de outubro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
- Pontevedra, 28 de outubro: Programacións didácticas para Infantil, Primaria, Secundaria
- Lugo, 11 de novembro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria e Secundaria e FP
- Vigo, 11 de novembro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria
- Ourense, 4 de novembro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria e Secundaria
- Santiago, 21 de outubro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
- A Coruña, 28 de outubro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
- Vigo, 11 de novembro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
- Lugo, 21 de outubro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
- Santiago, 2 de decembro: Comentario de textos filolóxico, lingüístico e literario
- Pontevedra, do 18 ao 22 de setembro: XIX Semana de Educación de Pontevedra. Roteiros pedagóxicos.
- Vigo, 11, 13, 15, 16, 19 e 21 de setembro: Paseos Pedagóxicos de Vigo. A auga como axente de erosión
- Vigo, 18, 20, 22, 25 e 26 de setembro: XLI Xornadas do ensino. Arquitectura e arqueoloxía das parroquias de Vigo
- Santiago: 2º trimestre
 - XVI IXornadas de lingua e literatura
 - XV Xornadas da Muller
 - XXI Xornadas de Educación Infantil

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal